

**NON AO  
PECHE DO  
COLE DE  
BAAMONDE**

**A.N.P.A. BIDUEIROS (G2736822)**

**A.VV. MONTENEGRO DE BAAMONDE (G27106509)**

**A ATENCIÓN DO VALEDOR DO POBO**

A ANPA Bidueiros e a asociación de Veciños de Baamonde dirixímonos ao Valedor do Pobo, en relación coa pretensión cursada unilateralmente polo Concello de Begonte á Xunta de Galicia, sen audiencia á comunidade educativa, a fin de proceder ao peche do CEIP de Baamonde para o vindeiro curso 2021-2022, malia contar actualmente con trinta alumnos e alumnas, unhas instalacións axeitadas, en particular para o momento actual de pandemia, e cun funcionamento óptimo.

Solicitamos que por esa institución á que nos diriximos, na súa misión de defensa dos dereitos e liberdades comprendidos no Título I da Constitución e no Estatuto de Autonomía de Galicia, entre os que se atopan os dereitos á igualdade, á non discriminación e á educación, se verifique o proceder da Consellería de Educación e do Concello de Begonte na pretensión de peche do CEIP de Baamonde o vindeiro curso académico co pretexto de instalar en tal centro educativo unha suposta escola privada de música, recabando a información, documentación e expedientes correspondentes, e en particular a fin de constatar si se realizou unha avaliación sanitaria da pretendida reunificación nas instalacións do CEIP de Begonte no estado en que se atopan, en plena pandemia, así como si se avaliou o impacto de xénero, si se realizou un estudo dos necesarios desprazamentos do alumnado de primaria a outra localidade e a unhas instalacións en peor estado, memoria económica, así como sobre as consecuencias de tal decisión para a vila de Baamonde e a súa contorna.

Son antecedentes de interese os seguintes: A finais do ano 2020 o alcalde do Concello de Begonte convocou unha reunión coa comunidade educativa e comunicou verbalmente que o vindeiro curso 2021-2022 pecharíase o CEIP de Baamonde, unificándose o alumnado do mesmo ao CEIP de Begonte, e que se instalaría un conservatorio en tales instalacións sitas en Baamonde. Non houbo audiencia nin consultas de ningún tipo, senón que tal decisión adoptouse unilateralmente e xustificouse coa instalación dunha escola privada de música nas instalacións do CEIP de Baamonde, malia atoparnos inmersos na pandemia por mor do coronavirus. Tal decisión asemella proceder do propio Concello de Begonte, pois a información facilitada pola Consellería de Educación ao ser interpelada en varias ocasións polo posible peche do CEIP de Baamonde foi contraditoria, malia as aseveracións de que estaría xa todo decidido.

Queremos facer as seguintes consideracións –pois non tivemos audiencia- acerca de tal decisión imposta sen atender ás pautas das autoridades sanitarias (en particular polo mellor estado e maior seguranza das instalacións sitas en Baamonde en plena pandemia de COVID-19), nin á perspectiva de xénero (incidencia na conciliación da vida familiar dos proxenitores do alumnado menor de idade, e en particular nas mulleres do rural), nin ao papel que a escola pública ten no rural, como ferramenta para combater o progresivo abandono das vilas e aldeas galegas, o envellecemento da poboación e para evitar a extinción dun modo de vida que é un dos trazos distintivos de boa parte da sociedade galega.

**NON AO  
PECHE DO  
COLE DE  
BAAMONDE**

**A.N.P.A. BIDUEIROS (G27366822)**

**A.VV. MONTENEGRO DE BAAMONDE (G27106509)**

O feito de pretender o peche do CEIP de Baamonde sen posibilidade de audiencia nin de diálogo, xera na comunidade o sentimento de exclusión fronte á toma de decisións que lle incumben, e de que estas decisións afectan e precarizan a súa situación económica e cultural, profundizando as consecuencias sociais dun proceso de perda continua de servizos públicos no rural, que debilita os mecanismos insistucionais de cohesión social.

A educación é un dereito humano fundamental, que debe ser garantido en todo momento e lugar, independentemente do contexto e circunstancias, incluído as situacións de emerxencias (UNESCO e Right to Education, 2019). O colexio é un servizo esencial que non vai obter ningunha mellora –e probablemente sufra un empeoramento– coa pretendida xuntanza dos dous colexios do Concello de Begonte no CEIP de Begonte. Defendemos a nosa escola unitaria baseada na baixa *ratio* alumno-mestre, e en idéntico sentido se pronuncian multitude de asociacións, como a Federación de Ampas de Lugo, o Sindicato de Traballadores de Ensino de Galicia, Sindicato Labrego, entre outras moitas, que xa amosaron o seu apoio nos medios, e no mesmo sentido se ten pronunciado, en xeral, a comunidade escolar.

Entendemos que este é o peor momento da historia para aumentar o alumnado por aula e os acontecementos recentes están a darnos a razón. En plena terceira onda da COVID preténdese poñer en marcha a unificación de dous colexios a uns meses de comezo do novo curso escolar, cando a propia OMS advirte que a inmunidade non se vai acadar previsiblemente nin no vindeiro ano.

A unificación de alumnado que se pretende non só pon en risco a educación dos nosos fillos e fillas, senón a súa saúde, e consecuentemente a saúde das súas familias.

Ademais o impacto de tal decisión nos dereitos á educación e á saúde, e á igualdade de oportunidades dos nenos e nenas do rural a quen afecta tal decisión, resulta evidente o dano irreparable na fixación da poboación no rural. Dúas familias con fillos e fillas viñeron a vivir a Baamonde procedentes de Lugo atraídos polo colexio, e se este pecha, volverán a Lugo.

Poñemos en relevancia que a escola de música xa tiña unhas instalación perfectamente dimensionadas coa nosa pequena poboación, que está moi satisfeita do traballo que se está a desenvolver pola escola de música. Non entendemos por que o concello de Begonte precisa un conservatorio cando non hai sequera un alumnado que xustifique tal investimento público, isto aínda que se collese alumnado de outros concellos, tales como Outeiro de Rei, ao quedar mais preto Lugo, e cando non se facilitou información ningunha sobre as xestións para levar a efecto tal conservatorio, nin os datos sobre os que se sustenta tal pretendido investimento.

**NON AO  
PECHE DO  
COLE DE  
BAAMONDE**

**A.N.P.A. BIDUEIROS (G27366822)**

**A.VV. MONTENEGRO DE BAAMONDE (G27106509)**

Resaltamos tamén que os nenos e nenas de Baamonde e toda a contorna serían reubicados, en todo caso, en distintos colexios, os cales contan con peores instalacións das que actualmente desfrutan en Baamonde. E así non só se pecha un colexio cunhas instalacións e funcionamento óptimos, senón que se fai a favor de centros que contan con peores infraestruturas. O colexio de Baamonde está en moito mellor estado que o CEIP Virxe do Corpiño, que precisaría un investimento para poñelo á altura do CEIP de Baamonde, que non consta que estea previsto. Pero non todo se soluciona con investimento: o CEIP de Baamonde conta con tres naves separadas co que facilita a división do alumnado en grupos burbulla e dous patios que cada un deles é un 50% mais grande que o único patio que ten o CEIP Virxe do Corpiño, que apenas ten a metade de patio e espazo de xogo, e, por mor da súa ubicación, non ten cara onde expandirse, ademais de atoparse nunha zona alta e escarpada, moito mais fría e sombría, nas proximidades do cemiterio de Begonte; as aulas do CEIP de Baamonde son mais grandes e están mellor dotadas, non precisan posta a punto, conta o centro que se pretende pechar con cociña e comedor mellor e mais amplo que o colexio de Begonte, e cunha zona de horta e invernadoiro, atopándose no centro da vila de Baamonde, nas proximidades dun parque infantil.

Polas razóns expostas, solicítase do Valedor do Pobo, que, na súa misión de tutela dos dereitos fundamentais, solicite a información, documentación e expedientes correspondentes ao peche do CEIP de BAAMONDE e á suposta instalación dunha escola de música en tales instalacións, á Consellería de Educación e ao Concello de Begonte, con acceso por parte das entidades peticionarias, garantindo os dereitos fundamentais afectados e a transparencia e control democrático no proceder administrativo.

En Baamonde, 22 de xaneiro de 2021.